

PEGADAS ARTÍSTICAS DE REDONDELA.

A. INTRODUCCIÓN:

1) XUSTIFICACIÓN:

Tendo como Proxecto da Biblioteca do centro, "Pegadas artísticas da Humanidade", aprobado a través do PLAMBE, o Equipo de Educación Infantil decidiu achegar unha realidade cultural e artística moi próxima ao noso alumnado, como son as Festas e Celebración de Redondela (a Rondalla, os Maíos e Festa da Coca, coas súas manifestacións artísticas: a lenda da Coca, a Danza das Espadas e as Penlas). De aí que nós, denominásemos o noso proxecto de traballo en Infantil: "PEGADAS ARTÍSTICAS DE REDONDELA".

Redondela é a vila na que está situado o noso centro e a onde pertencen a totalidade do noso alumnado, e gran parte do profesorado, polo que consideramos oportuno que os nosos alumnos/as fosen coñecedores das tradicións da contorna tanto a nivel musical como cultural; ademais, o centro atópase nunha parroquia afastada do casco urbano da vila (Vilar de Infesta) debido ao que os nosos alumnos/as non viven nin participan de xeito directo en ditas tradicións.

Debido á amplitude dos contidos a traballar decidimos organizar o proxecto en tres partes:

1. *A Rondalla*: como tradición musical e cultural da parroquia, con pezas musicais e instrumentos propios da zona.
2. *A Festa da Coca ou Festa de Corpus*: festexo por excelencia da vila, na que se unen as tres manifestacións artísticas nomeadas anteriormente, sendo a súa existencia actualmente única no mundo.
3. *Os Maíos*: como celebración popular característica de Redondela, que conmemora a chegada da primavera desde a antigüidade.

2) CALENDARIO DE REALIZACIÓN:

Este proxecto levouse a cabo dende o mes de Xaneiro ata o mes de Xuño, xa que comezamos o Entroido coa Rondalla e rematamos coa Festa da Coca (4 de Xuño).

1. A Rondalla:

<u>Fase 1:</u> motivación: chuvia de ideas sobre os coñecementos previos do alumnado; elaboración dun mapa conceptual coa información recollida	Semana do 12 ao 16 de xaneiro.
<u>Fase 2:</u> recollida de material visual, fotográfico así como os instrumentos tradicionais en colaboración coas familias, a biblioteca do centro e o centro cultural de Vilar de Infesta.	Do 19 ao 23 de xaneiro.
<u>Fase 3:</u> análise da información e confección da exposición cos diversos materiais dividíndoos nunha exposición fotográfica chamada "Miña nai/pai foi na Rondalla" xunto con outra exposición de instrumentos e materiais propios da rondalla.	Do 26 ao 30 de xaneiro.
<u>Fase 4:</u> investigación: desenvolvemento das diferentes actividades en torno a este centro de interese e tamén enmarcadas no proxecto do centro.	• Exposición pintores galegos: do 9 ao 13 de febreiro. • Taller de confección de traxes de Rondalleiros/as para o Entroido: do 2 ao 12 de febreiro. • Taller de instrumentos tradicionais impartido pola mestra de música: 5 de febreiro. • Confección de materiais impresos de

	apoio ás aprendizaxes: do 26 ao 12 de febreiro. Exposición “imaxina crea e constrúe” elaboración de instrumentos musicais a partir de materiais de refugallo por parte das familias: semana do 7 ao 10 de abril.
Fase 5: intercambios con outras aulas: invitación ao resto do alumnado do centro a visitar a exposición con explicación por parte dos nenos/as de infantil.	Semana do 26 de xaneiro ao 13 de febreiro.
Fase 6: divulgación do traballo entre a comunidade educativa: invitación ás familias a visitar a exposición e pasarrúas o día do entroido formando entre as 3 aulas unha Rondalla.	Semana do 26 de xaneiro ao 13 de febreiro.
Fase 7: avaliación do proxecto en base á consecución dos obxectivos e ao desenvolvemento das competencias básicas.	Semana do 26 de xaneiro ao 13 de febreiro.

2. A Festa da Coca:

Fase 1: motivación: invitación ás familias a visitar a exposición permanente sobre a Coca e outros elementos propios da festa no Multiusos de Redondela. Chuvia de ideas sobre os coñecementos previos do alumnado; elaboración dun mapa conceptual coa información recollida	Semana do 23 ao 27 de febreiro.
Fase 2: recollida de todo o material visual, fotográfico, periodístico, manipulativo... relacionado con dita festa, proporcionado polas familias, a biblioteca do centro, a biblioteca pública de Redondela e o centro cultural de Vilar de Infesta.	Do 2 ao 6 de marzo.
Fase 3: análise da información e confección da exposición con todos os materiais proporcionados.	Do 9 ao 13 de marzo
Fase 4: investigación: desenvolvemento das diferentes actividades en torno a este centro de interese e tamén enmarcadas no proxecto do centro.	- Taller de alfombras florais: 19 de marzo. - Taller de manualidades: semana de 23 ao 27 de marzo. - Visita ao centro das “Penlas” e “Burras”: 12 de maio. - Visita de integrantes da “Danza das Espadas”: 15 de maio. - Roteiro polo casco urbano de Redondela visitando elementos vinculado á festa.: 29 de maio. - Confección de materiais impresos de apoio ás aprendizaxes: do 9 de marzo ao 3 de xuño. - Confección e divulgación do power point de mulleres importantes ao longo da historia: semana do 9 ao 13 de marzo.
Fase 5: intercambios con outras aulas: invitación ao resto do alumnado do centro a visitar a exposición con explicación por parte dos nenos/as de infantil.	Semana do 16 marzo ao 3 de xuño.
Fase 6: divulgación do traballo entre a comunidade educativa: invitación a toda a comunidade educativa a visitar a exposición. Elaboración por parte das mestras de infantil e	Semana do 16 marzo ao 3 de xuño.

editada pola Biblioteca do centro dunha guía didáctica sobre as festas de Redondela. Divulgación de toda a información e os materiais elaborados a través da páxina web do centro e do blog da biblioteca.	
Fase 7: avaliación do proxecto en base á consecución dos obxectivos e ao desenvolvemento das competencias básicas.	Semana do 16 marzo ao 3 de xuño.

3. Os maios:

Fase 1: motivación: aproveitando a chegada da primavera e a confección das alfombras florais no citado taller introducimos o tema dos Maios. Chuvia de ideas sobre os coñecementos previos do alumnado; elaboración dun mapa conceptual coa información recollida	Semana do 14 ao 17 de abril.
Fase 2: recollida de información: procura da información necesaria para o desenvolvemento deste traballo na biblioteca do centro, bibliotecas da aula e ás familias. Recollida de todos os elementos necesarios para elaborar un maio no centro, proporcionado polas familias	Semana do 20 ao 24 de abril.
Fase 3: análise da información e confección da exposición con todos os materiais proporcionados.	Semana do 27 ao 30 de abril.
Fase 4: investigación: desenvolvemento das diferentes actividades en torno a este centro de interese e tamén enmarcadas no proxecto do centro.	• Taller de elaboración dos elementos decorativos dos maios: 29 de abril. • Taller de elaboración dun Maio: 30 de abril. • Exposición do Maio elaborado no hall de entrada do centro: semana do 4 ao 8 de maio. • Confección e memorización de coplas para cantar arredor do Maio: semana do 27 ao 30 de abril. • Confección de materiais impresos de apoio ás aprendizaxes: do 4 ao 8 de maio.
Fase 5: intercambios con outras aulas: invitación ao resto do alumnado do centro ao taller de elaboración do maio.	30 de abril
Fase 6: divulgación do traballo entre a comunidade educativa: exposición do maio elaborado aberta a toda a comunidade educativa. Elaboración por parte das mestras de infantil e editada pola Biblioteca do centro dunha guía didáctica sobre as festas de Redondela. Divulgación de toda a información e os materiais elaborados a través da páxina web do centro e do blog da biblioteca.	Semana do 4 ao 8 de maio
Fase 7: avaliación do proxecto en base á consecución dos obxectivos e ao desenvolvemento das competencias básicas.	Semana do 14 abril ao 8 de maio

3) ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE:

Na realización, deseño e desenvolvemento deste proxecto, implicouse todo o alumnado de Educación Infantil (3 aulas, 1 por cada nivel educativo, cun total de 57 nenos e nenas)

Con respecto ao profesorado participante no proxecto:

- Susana Barrio Cabado: titora de 3 anos.
- Dolores Sánchez Santorio: titora de 4 anos.
- Susana Crespo Pérez: titora de 5 anos e coordinadora do proxecto en Educación Infantil.
- José Tristán López: mestre de apoio que axudou nas titorías ao desenvolvemento das diferentes actividades e levou a cabo talleres de dramatización, plástica ... así como a lectura de contos e traballos de investigación relacionados co proxecto.
- M^a Isabel Rozados Montoya: especialista en música que traballou nas súas clases o coñecemento e dramatización de cancións e música tradicional, introduciu ao alumnado no coñecemento dos instrumentos musicais propios da rondalla, axudou na elección de pezas musicais para o pasarrúas do entroido, colaborou nos ensaios do mesmo, facendo acompañamento musicais con distintos instrumentos e divulgación entre todo o alumnado do centro dun achegamento á Danza das espadas e das Penlas.
- Ánxela M^a Domínguez Martínez: especialista en educación física que realizou actividades de psicomotricidade vivenciada encamiñadas ao coñecemento das distintas manifestacións culturais como a lenda da Coca,...
- Silvia Taboada Francisco: mestra especialista en inglés que desenvolveu o proxecto paralelamente ás titoras traballando vocabulario e lectura de contos de inglés como foi o de "Xiana e a Coca de Redondela" relativo ao proxecto.
- María José González Domínguez: coordinadora de biblioteca que se encargou de realizar a adquisición, selección e exposición de materiais relacionados co proxecto dende a biblioteca conxuntamente co equipo de biblioteca e posterior divulgación a través do blog da biblioteca.

4) ORGANIZACIÓN:

Para o deseño e posterior desenvolvemento deste proxecto, leváronse a cabo diferentes reunións do equipo docente do ciclo para establecer os aspectos a traballar en cada unha das especialidades, tratando de darlle unha continuidade e coherencia a tódolos aspectos que se desenvolverían durante o tempo que se levase a cabo o proxecto.

Os contidos traballados nas diferentes aulas están adaptados as idades e características evolutivas do alumnado, a través de actividades de expresión plástica (coa colaboración do mestre de apoio), de expresión corporal (coa mestra de Educación física e o mestre de Música), de expresión dramática (coa colaboración de tódolos especialistas), vocabulario plurilingüe (galego, castelán e inglés), xogos matemáticos ...

5) CONTIDOS CURRICULARES E COMPETENCIAS BÁSICAS:

O currículo desta etapa oríntase a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos (físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo) e a procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible o devandito desenvolvemento. Así, contemplamos a necesidade de traballar aqueles aspectos máis próximos á realidade do alumnado, procurando sempre que os contidos traballados respondan á motivación do alumnado.

Os contidos en Educación Infantil, aínda que están divididos en tres áreas de coñecemento e experiencia, adquiren sentido desde a perspectiva das outras dúas, coas cales está en estreita relación, dado o carácter globalizador da etapa. En base a iso, os contidos formulados neste proxecto son os seguintes:

<u>Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal</u>	<u>Área de coñecemento da contorna</u>	<u>Área de linguaxes: comunicación e representación</u>
Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.	Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade.	Utilización e valoración da lingua oral para relatar feitos, adquirir coñecementos, expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.
Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo, a través de xestos, movementos, xogos, danzas...	Adquisición progresiva da noción do paso do tempo. Orientación temporal empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.	Incorporación ao seu vocabulario das novas palabras aprendidas nas distintas actividades.
Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.	Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo.	Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de diferentes soportes.
Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais.	Sucesos, lugares e persoas relevantes da historia da súa comunidade.	Interese e atención na escoita de narracións e instrucións expresadas por outras persoas e en diferentes idiomas.
Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.	Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade.	Introdución ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.
		Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes e das distintas técnicas como recursos e medios de expresión e comunicación gozando coas obras artísticas propias da contorna.
		Audición atenta de obras musicais populares; participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.
		Participación en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal valorando a súa importancia.
		Identificación da utilidade de diversos instrumentos e

tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.

Achegamento a producións audiovisuais relacionadas co tema.

Traballando estes contidos de maneira globalizada e significativa, permitiu dotar ao alumnado das ferramentas básicas para desenvolver as súas competencias en:

Autonomía e iniciativa persoal	• Tomar conciencia do propio corpo. • Aceptar a propia imaxe corporal. • Regular o propio comportamento. • Mellorar a organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo
Matemática	• Promover situacións para a resolución de problemas da vida cotiá. • Ampliar o coñecemento sobre aspectos relacionados co espazo e o tempo.
Social e cidadá	• Desenvolver habilidades de interacción e colaboración. • Lograr unha actitude positiva cara ás relacións cos demais.
Coñecemento e interacción co mundo físico	• Observar, vivenciar e mostrar curiosidade por acontecementos propios da contorna.
Competencia dixital	• Empregar as novas tecnoloxías como medios de información e comunicación.
Aprender a aprender	• Desenvolver ferramentas relacionadas coa memoria e o pensamento e razoamento dedutivo a través da observación e do intercambio de información.
Cultural e artística	• Valorar as diferentes manifestacións artísticas propias da contorna. • Empregar diferentes técnicas para o desenvolvemento da creatividade.
Comunicación lingüística	• Expresar pensamentos, sentimentos, coñecementos peticións... en diferentes linguaxes e con distintas técnicas.

B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN:

O obxecto da nosa investigación, en base ao proxecto do PLAMBE, foron as tradicións mais significativas da nosa localidade: a Rondalla, os Maios e Festa da Coca, coas súas manifestacións artísticas: a lenda da Coca, a Danza das Espadas e as Penlas, tal como manifestamos na introdución. Esta temática resultou moi atractiva para o alumnado de 3 a 6 anos debido ao compoñente fantástico de elementos como a Coca, coa súa lenda, á colaboración e implicación da comunidade educativa, o que aumentou o interese dos nenos e nenas, e pola vivenciación de xeito directo dalgunhas das manifestación como a Danza das Espadas e o baile das Penlas...

C. DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

O punto de partida da proposta foi o proxecto do PLAMBE do noso centro chamado “pegadas artísticas da Humanidade”. Tras varias reunións do Equipo de Educación Infantil, decidimos tratar un

tema vinculado por un lado, coas tradicións artísticas, e por outro, coa realidade mais próxima do alumnado. De aí que elixíramos como proxecto propio as “Pegadas artísticas de Redondela”.

Unha vez concretado o tema, informamos ás familias e lles pedimos a súa colaboración na aportación dos materiais necesarios para o desenvolvemento de dita proposta. Ademais, as mestras fixemos unha recompilación de información, fotografías... a través da biblioteca do centro, as bibliotecas de aula, o Centro Cultural de Vilar de Infesta e a biblioteca central de Redondela.

Ao longo das datas citadas anteriormente, leváronse a cabo todas as actividades programadas no proceso de deseño da proposta e outras moitas que foron xurdindo a partir do interese dos nenos e nenas. Estas tarefas mencionadas quedan reflectidas no punto de “Relación de tarefas realizadas ao longo do proxecto polo alumnado”.

D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

Na fases de recollida e investigación de toda a información e material aportado por toda a comunidade educativa, así como pola Biblioteca do centro e da Biblioteca pública de Redondela, atopámonos cun material moi dirixido á adultos e pouco adaptado ás idades ás que ía dirixido o noso proxecto, polo que tivemos que elaborar o noso propio material escrito para cada grupo e tamén unha Guía didáctica sobre o tema a traballar “Festas en Redondela” que é extensible a toda etapa de primaria e a todo profesorado, coa posterior petición e posible colaboración do Concello de Redondela para que se faga chegar a todos os colexios do municipio.

A documentación á que se refire este apartado esta toda na páxina web no colexio:

www.edu.xunta.es/centros/ceipportocabeiro/

Material escrito adaptado ao alumnado de 3 , 4 e 5 anos.

Mostra do material elaborado polos alumnos/as de 5 anos.

Guía didáctica “Festas en Redondela”

E. RELACIÓN DE TAREFAS REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

1. A Rondalla:		
Aula de 3 anos	Aula de 4 anos	Aula de 5 anos
➤ <u>Libro do proxecto</u>: confeccionado en cada unha das aulas. ➤ <u>Somos “Rondalleiros”</u>: taller de música para o coñecemento dos instrumentos e pezas musicais relacionada co proxecto, impartido por cada titora en colaboración coa mestra de música na sesión da súa materia.		
Actividades de ciclo		
➤ <u>Exposición “ O meu pai /nai foi na Rondalla”</u>: recompilación e mostra de fotos antigas da Rondalla de Vilar de Infesta, así como de instrumentos característicos da mesma, proporcionados polas familias e o Centro Cultural da parroquia (http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/search?updated-max=2015-03-23T19:06:00%2B01:00&max-results=15&start=6&by-date=false). ➤ <u>Os instrumentos da Rondalla</u>: achegamento ao uso dos distintos instrumentos (pandeireta, charrascas, cunchas, castañolas, gaitas...). ➤ <u>A música da Rondalla</u>: audición de pezas musicais relacionadas coa Rondalla e selección de dúas delas		

para o pasarrúas da festa do Entroido (“Rolandito” e “Martinica”).

➤ **Somos Rondalleiros:** coñecemento e elaboración da vestimenta e os complementos característicos de dita formación e pasarrúas na festa do Entroido tocando os distintos instrumentos (<http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/search?updated-max=2015-03-23T19:06:00%2B01:00&max-results=15&start=6&by-date=false>).

➤ **Exposición pintores galegos:** recreación de cadros de diversos pintores galegos que reproduciron temas relacionados co proxecto (<http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/search?updated-max=2015-04-30T20:06:00%2B02:00&max-results=15>).

➤ **Exposición “Imaxina crea e constrúe”:** creación, por parte das familias, de instrumentos musicais a partir de material de refugallo (<http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/search?updated-max=2015-04-30T20:06:00%2B02:00&max-results=15>).

2. A Festa da Coca:

Aula de 3 anos	Aula de 4 anos	Aula de 5 anos
➤ <u>Libro do proxecto:</u> confeccionado na aula con fichas sobre a conmemoración. ➤ <u>Lemos sobre a Coca:</u> lectura de distintos contos relacionados coa festa (“Os Bolechas e a Coca de Redondela”, “Xiana e a Coca de Redondela...”) e artigos informativos sobre a lenda do monstro, tanto na clase como na biblioteca do centro. ➤ <u>“Xiana e a Coca de Redondela”:</u> dramatización do conto na clase de Educación Física, colaborando na ambientación da mesma; ademais, lectura da versión do conto en inglés por parte da mestra especialista e aprendizaxe do vocabulario relacionado. ➤ <u>Aprendemos mirando:</u> visionado de vídeos das distintas manifestacións da festa: alfombras florais, Danza das Espadas, etc. (https://www.youtube.com/). ➤ <u>Taller de manualidades:</u> elaboración dun monicreque móbil dun dos Danzantes das Espadas. ➤ <u>Modelamos a Coca:</u> construción con plastilina dos elementos relacionados coa festa; Coca, Penlas, alfombras, danzantes...	➤ <u>Libro do proxecto:</u> confeccionado na aula con fichas sobre a conmemoración, así como sobre a situación xeográfica de Redondela. ➤ <u>Lemos sobre a Coca:</u> lectura de distintos contos relacionados coa festa (“Os Bolechas e a Coca de Redondela”, “Xiana e a Coca de Redondela...”) e artigos informativos sobre a lenda do monstro, tanto na clase como na biblioteca do centro. ➤ <u>“Xiana e a Coca de Redondela”:</u> dramatización do conto na clase de Educación Física, colaborando na ambientación da mesma; ademais, lectura da versión do conto en inglés por parte da mestra especialista e aprendizaxe do vocabulario relacionado. ➤ <u>Aprendemos mirando:</u> visionado de vídeos das distintas manifestacións da festa: alfombras florais, Danza das Espadas, etc. (https://www.youtube.com/). ➤ <u>Taller de manualidades:</u> elaboración dun monstro da Coca con goma eva. ➤ <u>Modelamos a Coca:</u> construción con plastilina dos elementos relacionados coa festa; Coca, Penlas, alfombras, danzantes...	➤ <u>Libro do proxecto:</u> con fichas sobre a situación xeográfica de Redondela, as súas parroquias, as distintas festas que se celebran na vila e aspectos concretos da mesma ➤ <u>Lemos sobre a Coca:</u> lectura de distintos contos relacionados coa festa (“Os Bolechas e a Coca de Redondela”, “Xiana e a Coca de Redondela...”) e artigos informativos sobre a lenda do monstro, tanto na clase como na biblioteca do centro. ➤ <u>“Xiana e a Coca de Redondela”:</u> dramatización do conto na clase de Educación Física, colaborando na ambientación da mesma; ademais, lectura da versión do conto en inglés por parte da mestra especialista e aprendizaxe do vocabulario relacionado. ➤ <u>Aprendemos mirando:</u> visionado de vídeos das distintas manifestacións da festa: alfombras florais, Danza das Espadas, etc. (https://www.youtube.com/). ➤ <u>Taller de manualidades:</u> elaboración de Penlas con culleres de madeira. ➤ <u>Modelamos a Coca:</u> construción con plastilina dos elementos relacionados coa festa; Coca, Penlas, alfombras, danzantes...

➤ <u>Taller de alfombras florais:</u> visionado e explicación dun dosier de fotos sobre o proceso de elaboración das alfombras; construción da mesma, troquelando as flores a partir de papel de seda e pegándoas a continuación nas alfombras. ➤ <u>Xogamos coa PDI:</u> desenvolvemento de actividades dixitais na PDI elaboradas na aula coa axuda do mestre de apoio.	➤ <u>Taller de alfombras florais:</u> visionado e explicación dun dosier de fotos sobre o proceso de elaboración das alfombras; construción da mesma, desfolando en primeiro lugar as flores proporcionadas polas familias e pegando os pétalos sobre ela. ➤ <u>Xogamos coa PDI:</u> desenvolvemento de actividades dixitais na PDI elaboradas na aula coa axuda do mestre de apoio.	➤ <u>Taller de alfombras florais:</u> visionado e explicación dun dosier de fotos sobre o proceso de elaboración das alfombras; construción da mesma, troquelando flores de diferentes cores. ➤ <u>Xogamos coa PDI:</u> desenvolvemento de actividades dixitais na PDI elaboradas na aula coa axuda do mestre de apoio.
---	--	---

Actividades de ciclo

- **Exposición “A Festa da Coca”:** recompilación e mostra de fotos que aportan as familias do alumnado, así como outros materiais relacionados: figuras de porcelana, libros informativos, latas de conserva da fabrica de Redondela chamada “A Coca”, etc. Tamén bibliografía proporcionada pola biblioteca do centro, a biblioteca de Redondela e o Centro cultural de Vilar (<http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/search?updated-max=2015-04-30T20:06:00%2B02:00&max-results=15>).
- **Confección e divulgación do power point de mulleres importantes ao longo da historia:** facendo unha investigación sobre unha escritora redondelá (Dori Couñago) (<http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/search?updated-max=2015-03-23T19:06:00%2B01:00&max-results=15&start=6&by-date=false>).
- **Coñecemos ás Penlas:** visita ao cole das Penlas (nenas que bailan sobre os ombreiros da “Burras”), xunto coa muller que elabora os traxes tradicionais, para explicar aos nenos e nenas os detalles desta tradición cultural única no mundo. Ademais, visualización do baile que fan estas nenas e mulleres o día da festa (<http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/>).
- **Danzamos coas espadas:** visita dun danzante das espadas, co gaiteiro e tamborileiro que tocan a música propia do baile, para ensinarnos a melodía e os pasos desta danza tan representativa da conmemoración do Corpus de Redondela (<http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/>).
- **A Coca ao longo da historia:** visionado de fotos da Coca ao longo do tempo, así como de diferentes versións feitas en outros colexios de Redondela (<http://bibliotecasredondela.blogspot.com.es/search?q=coca>).
- **Ensinamos o que sabemos:** visita dos nenos e nenas de 4º de Primaria á nosa exposición na que, lles explicamos todo o que se podía ver na mesma así coma o que fomos aprendendo (<http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/search?updated-max=2015-04-30T20:06:00%2B02:00&max-results=15>).
- **Roteiro por Redondela:** percorrido polo centro urbano de Redondela, visitando as distintas manifestacións relacionadas coa festa, como: grafiti da Coca, escultura das Penlas, etc. Ademais, acudimos á exposición do Multiusos de Redondela, onde estaba a Coca, os Cabezudos e os Xigantes.

3. Os maios:

Actividades de ciclo

- **Taller de elaboración dos elementos decorativos dos Maios:** cos materiais aportados polas familias (fiuncho, cáscaras de ovos, flores, mondas de froitos...) fixemos a decoración para o maio.
- **Taller de elaboración dun Maio:** colocación dos elementos decorativos preparados por parte dos

alumnos/as nunha estrutura dun maio elaborada por unha familia.

- **Exposición do Maio elaborado no hall de entrada do centro:** ao longo dunha semana estivo exposto para toda a comunidade educativa do centro
- **Confección e memorización de coplas para cantar arredor do Maio**

F. RECURSOS EMPREGADOS E FONTES CONSULTADAS.

Para a elaboración deste proxecto, contamos con un gran número de recursos audiovisuais, libros, publicacións... proporcionados principalmente polo equipo de biblioteca e as familias, entre os que cabe destacar:

❖ Contos e libros de consulta:

- Arbués Villa, J.: "Xiana e a Coca de Redondela". Colección Lendas Galegas. Aneto Publicacións.
- Carreiro, P.: "Os Bolechas van de viaxe á Coca de Redondela". Promocións culturais galegas.
- Martínez Crespo, José: "A Festa da Coca de Redondela". Concello de Redondela.
- Concello de Redondela (Textos de J. Martínez Crespo): "A Coca de Redondela en 1000 imaxes".
- Puga, M. e Cal, M. : "Redondela". Ir Indo Edicións, S.A.
- Xesteira, J.A.: "A memoria de Redondela. Álbum de postais". Editorial Xerais. 2001.
- Cal, M. e Cal, F.: "25 anos de fotografía en Redondela". Edita Cal3 Fotografía. 2001.
- Giráldez Lera, X.O.: "60 anos de crónicas redondelás (unha ollada dende as coplas dos maios)". Concellería de cultura do Concello de Redondela. 2015.
- González Pérez, C.: "El Corpus en Galicia: Redondela y Ponteareas". Narria: Estudios de artes y costumbres populares. ISSN-e 0210-9441, Nº 77-78 (Ejemplar dedicado a: Pontevedra), págs. 47-56. 1997.
- González Pérez, C.: "A Coca". Concello de Redondela. 1987.
- González Pérez, C.: "As penlas e a danza de espadas". Concello de Redondela. 1987.
- González Pérez, C.: "A Coca e o mito do dragón". Ir Indo Edicións, Vigo. 1993.
- Martínez Crespo, J. e Araujo, M.: "O Corpus de Redondela vístese de historia". Xunta de Galicia.

❖ Recursos dixitais

- <http://anecdotorioredondelan.jimdo.com/>
- <http://www.redondela-server.net>
- <http://www.lavozdegalicia.es>
- <http://www.atlantico.net>
- <http://www.plataformadigitaldefiestas.com/fiestas-eventos-redondela/674-fiesta-corpus-christi-redondela-festa-coca.html>
- <http://xigantes.teatroengalicia.es/concellos/redondela.htm>
- <http://www.youtube.com/watch?v=OzRhv8o5nXU>

-<http://www.youtube.com/watch?v=RGn7cLM0voo>

-<http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/>

-<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipportocabeiro/>

G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

O proxecto desenvolto ao longo do curso no noso centro, buscou sempre un achegamento entre as familias e o colexio, por iso sempre se busca a complicitade e participación das mesmas no proceso de desenvolvemento do noso traballo.

Á hora de deseñar a nosa actividade, na nosa programación sempre se recollen as formas nas que poden participar as familias destacando as seguintes:

- ✓ Recollida de información para o proxecto: facendo pequenas investigacións cos cativos sobre aspectos relacionados co tema a desenvolver.
- ✓ Búsqueda de bibliografía e materiais relacionados co proxecto para realizar as exposicións: aportando libros, vídeos, revistas, documentais, contos ou calquera ferramenta feita por elas/eles mesmos que axuden a comprender os contidos a traballar.
- ✓ Participación nos talleres de confección dos traxes de Entroido: traballando de xeito directo coas titoras.
- ✓ Participación na exposición “imaxina, crea e constrúe”: tódolos anos, dende o equipo de dinamización da lingua galega, organízase unha exposición de obxectos, maquetas ... feitas con material de refugallo que toquen a temática do proxecto desenvolto no centro, e que este curso fixeron instrumentos musicais.

Por outra banda, traballar con aprendizaxes baseadas en aprendizaxe por proxectos conleva a implicación de toda a comunidade educativa. Para a elaboración deste proxecto desenvolto en educación infantil contamos coa colaboración de:

- ✓ As Penlas: visitaron o noso colexio xunto coas Burras e coa modista que lle elaborou a vestimenta para explicarnos cómo foi evolucionando esta tradición ao longo do tempo e fixéronnos unha representación do baile como o día da festa.
- ✓ A Danza das Espadas: visitou o noso colexio un compoñente da danza, xunto cos músicos, ensinándonos os diferentes pasos da danza, e xunto co alumnado de primaria e de infantil, representáronos algúns dos pasos.

H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Tódolos traballos realizados ao longo do noso proxecto foron recollidos en diferentes “libros” e murais confeccionados polo alumnado que permaneceron expostos no recibidor do centro onde toda a comunidade educativa podía ter acceso en calquera momento da xornada educativa e que logo formarán parte dos recursos da biblioteca escolar para poder ser consultados por toda a comunidade escolar. Do mesmo xeito, tódalas fotos, vídeos, montaxes artísticas, bibliografía, recursos ... atópanse aloxados no blog da Biblioteca e na páxina web do centro.

- Blog da Biblioteca: <http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/>
- Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipportocabeiro/?q=taxonomy/term/1>

En previsión daquelas familias máis desfavorecidas, dende o centro e en colaboración co equipo de dinamización da lingua galega publícase o taboleiro de noticias na entrada do centro; novas coas que logo se publica a nosa revista escolar “As Nosas Cousas” tanto en formato dixital como en formato impreso, que logo se difunde entre tódalas familias o último día do colexio <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipportocabeiro/?q=taxonomy/term/35>

I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO.

Para levar a cabo a avaliación do proxecto tivemos en conta os seguintes aspectos:

Niveis de avaliación	Aspectos a avaliar	Consecución dos obxectivos propostos		Dificultades atopadas e melloras posibles
		Acadado	En proceso	
A nivel de alumnado	Participou de xeito activo na procura de información, no desenvolvemento das actividades e na elaboración do proxecto.			
	As súas aprendizaxes resultaron significativas.			
	Realizou as actividades de xeito cada vez máis autónomo.			
	Mantivo unha actitude motivadora no proceso de desenvolvemento do proxecto.			
A nivel de profesorado.	Participou todo o profesorado que impartiu docencia neste nivel.			
	A participación conxunta do profesorado posibilitou un mellor coñecemento por parte do alumnado, da temática.			
A nivel organizativo	A estruturación e secuenciación dos obxectivos foi axeitada tendo en conta a etapa evolutiva do alumnado e as NEAE.			
	O deseño de actividades permitiu un maior coñecemento da temática por parte do alumnado.			
	Contribuíuse ao desenvolvemento das competencias básicas			
	Os espazos previstos foron axeitados para o desenvolvemento das diferentes actividades.			
	Os materiais empregados foron axeitados para cada unha das actividades.			
	Os tempos establecidos foron suficientes para desenvolver as actividades de xeito autónomo.			
	A coordinación cos diferentes departamentos foi suficientemente efectiva para acadar os obxectivos propostos			
A nivel de difusión	Acadouse un bo grao de participación por parte da comunidade educativa.			
	O resultado da investigación chegou a toda a comunidade educativa.			

	• O persoal que impartiu os talleres adecuou os contidos a idade do alumnado e conseguiu mantelos motivados.			
	• As canles de difusión do proxecto foron axeitadas e suficientes.			

J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

A Biblioteca converteuse no Centro de recursos sobre a Tradición e Artes de Redondela en diferentes soportes. Dende o inicio do Proxecto, o Equipo de Biblioteca seleccionou e aportou material sobre o tema; pero tamén foi un eixo fundamental para o desenvolvemento do Proxecto a través do deseño e promoción de actividades en colaboración con outros departamentos, entre as que destacan:

1º TRIMESTRE:

- Sesións de Formación de Usuarios: Desenvolvidas en outubro para dar a coñecer o funcionamento da Biblioteca, difundindo os seus recursos, tanto os materiais, presentes no seu espazo, explicando a súa localización, como os virtuais, concentrados no Blog *“Un libro, dous libros, tres...”*. Reparto dos carnés da Biblioteca entre o alumnado.
- 24 de outubro: “Día das Bibliotecas Escolares”: Celebración dunha Maratón de lectura onde se leron libros relacionados co Proxecto *“PEGADAS ARTÍSTICAS DA HUMANIDADE”*.
- Exposición de materiais: libros de consulta e de literatura, vídeos, música, traballos feitos polo alumnado en anos anteriores ... relacionados coa Arte.
- Mochilas Viaxeiras: con libros dos *“Itinerarios lectores”*, contos sobre Arte, exemplares das revistas *“Reportero Doc”* ou *“National Geographic”*, mascotas de lectura en inglés...
- Marca Páxinas - Calendario 2015: Guía de Lecturas do Nadal con propostas de libros relacionados coa temática do Proxecto ou sobre Matemáticas, en diferentes linguas.
- “Taboleiro de novas” en colaboración co *EDLG* onde cada aula redactaba as novas referidas a todo tipo de acontecementos acaecidas no Centro. Ao longo do curso.
- Realización de Murais para estimular a curiosidade do alumnado e como punto de partida na adquisición de coñecementos sobre as Artes: *“Pegadas Artísticas da Humanidade”* e *“Arquitectura Nobre e popular en Redondela”*, este último con fotografías aportadas polas familias.
- Selección de lecturas relacionadas coas conmemoracións escolares: Ao longo do curso.

2º TRIMESTRE:

- Exposición con libros de Matemáticas e de Ciencias para todas as idades. Nas aulas pintamos Mandalas con elementos matemáticos.
- “Día da Paz”: Para relacionar esta efeméride coas Artes confección dun Mural coa pomba da paz de *Picasso*. Nel colocáronse nubes das que caían gotas de chuvia, unha por cada alumno/a, nas que se escribiron mensaxes de PAZ. Distintos cursos estudaron o *Ciclo da auga*, relacionándoo coa temática científica.
O 31 de xaneiro contamos coa presenza do autor teatral e actor INACIO VILARIÑO e o seu espectáculo teatral *“Contos de burros”*, narrando contos de *Rodari* e doutros escritores.
- “Entroido”, unha cabalgata moi artística desfilou facendo as delicias de toda a Comunidade Educativa: os cativos/as de Infantil constituiron unha vistosa Rondalla.
- 24 de febreiro: Semana de *Rosalía de Castro* con audicións musicais de poemas nos recreos.

A Biblioteca e o *EDLG* crearon o traballo: *“Rosalía en números e imaxes”* para relacionalo co lema *Bibliotecar Escolar... Matemático* e coas Artes. Inclúe un Xogo de Preguntas dirixido ás distintas idades do alumnado para practicar conceptos e nocións matemáticas.

Exposición sobre Rosalía, na Biblioteca, cunha selección das súas obras e con carteis, en formato A3, que reproducían as súas caricaturas. Votación para elixir a caricatura que máis gustaba ao alumnado, na que participaron os alumnos/as de 5 anos.

- 8 de Marzo: “Día da Muller Traballadora”, previamente traballamos nas aulas mulleres artistas importantes e confeccionamos, en colaboración co *EDLG*, a Biblioteca e *TICS*, un Power Point “*Elas están nas ...*”.
- Día da Poesía: “Tendal poético” no que colgamos poesías de autores galeg@s que o alumnado de 1º a 6º de Primaria elixiu e escribiu para que os demais gozamos da súa lectura. En Infantil debuxaron e pintaron os poemas escollidos.
- Día do Teatro: Exposición con libros para ler teatro infantil, libros de consulta, materiais de elaboración propia, vestidos e máscaras usados en distintos espectáculos teatrais galegos, carteis anunciadores de espectáculos de teatro...

3º TRIMESTRE:

- Saídas á procura da Arte: Asistimos a representacións teatrais “*Hay un gallo en tu tejado*” de *Titirigüiri Teatro* no Festival Internacional de Títeres de Redondela; fomos ao cine a ver “*Os pingüíns de Madagascar*”, a actuacións musicais...
- “Telling stories at the library”: A Biblioteca converteuse no escenario idóneo para contar contos en inglés adaptados ás idades do alumnado. Ao longo do curso.
- “Pintando as Artes”: Exposición organizada polo *E.D.L.G.* e a Biblioteca. Coa fin de coñecer pintores galegos, cada clase escolleu un artista que pintou algunha Arte: a pintura, música, cine, danza, teatro... O alumnado fixo reproducións de cadros de *Xavier Dopazo* (Aula de 3 anos), *Maruja Mallo* (Aula de 4 anos) e *Leandro Lamas* (Aula de 5 anos), de forma colectiva.
- Exposición de instrumentos musicais elaborados con todo tipo de materiais de reciclaxe, en colaboración coas familias. Contamos con instrumentos de percusión, vento e corda.
- Mes do Libro: Exposición, na Biblioteca, dunha selección de libros; “Apadriñamentos lectores colectivos”: alumnas de 6º contaron en Infantil “*Sacapenas*” de *Anthony Browne*; Espectáculo poético - musical co músico e compositor *Héctor Lorenzo* e sesión de Conta contos *con Iago*, que narrou: “*Augusta e os seus medos*”.
- Confección dun libro: “Relatos con Arte”, no que participaron todas as aulas de Infantil, con historias inventadas a partir dos cadros reproducidos na actividade “*Pintando as Artes*”: “*O rapeiro de Cabeiro*” (Aula de 3 anos), “*Máscaras con bolboretas*” (Aula de 4 anos) e “*O lobo amigo dos músicos*” (Aula de 5 anos).
- Guía de lecturas para o verán, en colaboración coas Bibliotecas Escolares de Redondela.

Hai que subliñar dous aspectos:

- Que a organización das horas da biblioteca para que o alumnado puidese acudir a ela ao longo da xornada escolar, favoreceu o feito de empregar dito espazo como recurso para o desenvolvemento de actividades de dramatización, conta contos e obradoiros diversos, pois cada aula de Infantil contaba con 2 horas semanais para poder realizar estas actividades na Biblioteca. E tamén o sistema de préstamo semanal a cada alumno/a, porque deste xeito podíase difundir máis o tema do noso Proxecto e facilitar a participación das familias.
- Que todo o colexio, ao mesmo tempo, fixo “*A Hora de ler*”, logo do recreo de 12:00 a 12:20 Horas, tempo no que alumnado e profesorado gozaron da lectura. En Infantil foi a “*Hora do Conto*”.